

A COMISIÓN GALEGA DA COMPETENCIA INCOA EXPEDIENTE SANCIONADOR A TRES NAVIEIRAS POR UN POSIBLE INCUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS NUNHA TERMINACIÓN CONVENCIONAL

Santiago de Compostela, 25 de de Outubro 2024

A Comisión Galega da Competencia incoa expediente sancionador contra tres navieiras, por condutas que poderían supoñer unha infracción da Lei de Defensa da Competencia.

Ábrese agora un prazo máximo de 24 meses para a súa instrución e resolución.

A Subdirección Xeral de Investigación da Comisión Galega da Competencia, no exercicio das funcións de vixilancia, advertiu o posible incumprimento de dous dos seis compromisos acordados con “Naviera Mar de Ons, S.L.”, “Naviera de las Rías Gallegas, S.L.” e “Naviera Isla de Ons, S.L.” para a terminación convencional do expediente sancionador: S 15/2016 Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes.

A terminación convencional é unha das fórmulas previstas pola Lei de Defensa da Competencia para finalizar o procedemento sancionador en materia de acordos e prácticas prohibidas, cando os presuntos infractores propoñan compromisos que resolvan os efectos sobre a competencia derivados das condutas obxecto do expediente e quede garantido suficientemente o interese público.

A Resolución 2/2022 – Transporte de viaxeiros ás Illas Cíes de data 11 de xullo de 2022 impuxo ás referidas navieiras unha serie de compromisos. Tras o oportuno Expediente de Vixilancia o Pleno apreciou o posible incumprimento dalgúns dos acordos e instou á Subdirección de Investigación a iniciar o correspondente procedemento sancionador que agora a Subdirección incoa.

A incoación dun expediente sancionador non prexulga o resultado final da investigación. Ábrese agora un prazo máximo de 24 meses para a instrución do expediente e a súa resolución polo Pleno da Comisión Galega da Competencia.